



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 18 DE FEBREIRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00008424Q

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2.- Ampliación prazo de execución das obras de rehabilitación do local en planta Baixa e do xardín de Afundación da Praza Salvador Parga, 4-5.

Acórdase:

Primeiro: Autorizar ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP a ampliación do prazo de execución das obras de rehabilitación do local en planta baixa e do xardín de Afundación da Praza Salvador Parga 4-5 establecendo como nova data límite o 29 de abril de 2022.

Segundo: Notificar este acordo ao contratista e á dirección facultativa da obra.

3.- Ampliación prazo execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal. CON/19/2021.

Autorízase a ampliación do prazo de execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal (Expt. CON/19/2021) ata o 13/03/2022 ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP porque non se aprecian motivos imputables no retraso da execución das obras ao contratista, sen prexuízo de que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que se lle puidesen ser imputables.